

UN DOUS TRES, VAMPIRO TI ES

Texto e ilustracións de **NADIA BUDDE**

Adaptación de **XOSÉ BALLESTEROS**

Cartón duro a toda cor. 22 x 17,5 cm. 20 páx. 12 €.

Un dous tres, vampiro ti es (galego)

ISBN 978-84-8464-393-7. Acartonados. Prelectores.

Uno dos tres, vampiro es (castelán)

ISBN 978-84-8464-392-0. Acartonados. Prelectores.

Un dos tres, vampir és (catalán)

ISBN 978-84-16804-52-8. Cartró. Pre-lectors.

Bat bi hiru, banpiro (éuscaro)

ISBN 978-84-9172-052-2. Kartoizko orriak.

Un, dous, tres, vampiro ti es.

Rosa, Hugo, Violante, Xigante.

Con vestido, con smóking, con gabardina, araña fina...

Despois do premiado “Un dous tres, que ves?”, esta nova proposta segue apostando pola dimensión lúdica do libro e da lectura, co tándem texto-ilustracións como fórmula para recoñecer palabras e imaxes a través da rima e do ritmo.

Este libro presenta un esquema baseado na repetición e o xogo encadeado de personaxes extraños e desgarrados en diferentes situacións e actitudes. Nesta ocasión, a galería de figuras que se asoman a estas páxinas destaca polo seu aspecto aparentemente inqueda: vampiros, pantasmas, monstros e esqueletos súmanse a animais a primeira vista desagradables, perigosos ou asociados á mala sorte como arañas, carrachos, serpes, tiburóns, crocodilos, gatos negros ou morcegos. Con todo, proxectan unha ollada tenra, afectuosa e burleira que nos atrapa e faínos sorrir.

O humor, o colorido dunhas ilustracións de trazos grosos e o formato acartonado con cantos redondeados, convérteno -máis que nun libro- nun obxecto manexable e útil para a diversión e a aprendizaxe, desenvolvendo a capacidade dos pre-lectores e dos primeiros lectores para comunicarse.



■ **Temática:** descrición de personaxes.

■ **Idade recomendada:** a partir de 3 anos.

■ **Aspectos destacables:** estrutura encadeada; texto rimado, ritmo, musicalidade, xogo fonético; animais; vocabulario; creatividade; da autora de “[Un dous tres, que ves?](https://issuu.com/kalandraka.com/docs/un-dous-tres-vampiro-ti-es-g)” (Kalandraka).

■ **Avance do libro:**

<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/un-dous-tres-vampiro-ti-es-g>

Nadia Budde

(Berlín, 1967)

Dedicábase á publicidade antes de comezar a súa formación na Escola de Artes Gráficas de Berlín e na Real Academia de Arte de Londres. “Un, dous, tres, que ves?” foi o seu primeiro álbum ilustrado, polo que recibiu varios recoñecementos. En Alemaña tamén foi distinguida cos premios Linx e Troisdorf, entre outros. As súas obras foron traducidas e publicadas en moitos países.

<http://www.nadiabudde.de>

